

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/12

DATA: xoves 26 de setembro de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:08 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA ACCIDENTAL: VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
ADELINA CES QUINTANS
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
FRANCISCO RUBIO VICENTE
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

PSdeG-PSOE
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 11/2019 do Pleno en sesión ordinaria do 01/08/2019

2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Dación de conta da aprobación da liquidación do Orzamento de 2018
4. Dación de conta do informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
5. Dación de conta do informe de Avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento-Financeiro (PSF 2015-18) na anualidade 2018
6. Ratificación resolución alcaldía 752/2019 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra de execución e saneamento integral no lugar de Foxacos-Araño
7. Ratificar polo Pleno Municipal a Resolución da Alcaldía nº 813/2019 de data 12/09/2019: POS+ADICIONAL 1/2019: 2ª FASE - Reenovación da cuberto e envolvente do Patio cuberto do CEIP BREA SEGADE de Taragoña.
8. APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2020
9. Ampliación dos límites cuantitativos para a anualidade 2020 do contrato de obra Vivendas dos mestres, bloque B
10. Ampliación dos límites cuantitativos para a anualidade 2020 do contrato de obra do PEIM 2019-20, para a Mellora e mantemento do firme da pista de Cerqueiras a Campelo, tramo 1.
11. Aprobación do crédito extraordinario 2/2019 para a dotación orzamentaria dos gastos pendentes de aplicación da conta (413) que non teñen financiamento afectado
12. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

23be6a7c4346a8c41a94cf869bcda687e4cb784b6866de0308dfc7789fa9f8c4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=vJz0iV6d2ao>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 11/2019 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 01/08/2019

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 11/2019 de 01/08/2019.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 01/08/2019, Acta nº 11/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

- A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2019 ata o 31/08/2019, que comprenden os números 612/2019 ao 776/2019, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.
- B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 13 da Sesión ordinaria do día 01/08/2019
- Acta nº 14 da Sesión ordinaria do día 16/08/2019
- Acta nº 17 da Sesión extraordinaria do día 29/08/2019

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2018

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Expte.: 2019/X999/000015

Dáselle conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía núm. 797/2019, do 9 de setembro, pola que se aproba a liquidación do Orzamento de 2018:

<<O expediente da liquidación está elaborado pola Intervención Municipal, que emitiu o seu informe o 09/09/2019.

Tendo en conta as facultades que, en materia de aprobación da liquidación, outórgame o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que desenvólvese o capítulo primeiro do título sexto da dita lei

RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2018, co seguinte resumo:

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
a. Operacións correntes	7.649.903,70	6.817.586,81		
b. Outras operacións non financeiras	462.976,45	1.314.921,40		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	8.112.880,15	8.132.508,21		
c. Activos financeiros	505,92	885,38		
d. Pasivos financeiros	429.104,72	648.659,38		
2. Total operacións financeiras	429.104,72	648.659,38		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	429.610,64	649.544,76		-239.562,18
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			1.098.478,99	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			467.219,81	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			315.180,02	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				1.010.956,60

Compoñentes	2018
1. (+) Fondos líquidos de tesourería	1.213.817,61
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	1.990.246,49
(+) Do orzamento corrente	376.867,79
(+) Dos orzamentos pechados	1.590.707,80
(+) De operacións non orzamentarias	22.670,90

3. (-) Obrigas pendentes de pago		903.518,28
	(+) Do orzamento corrente	556.805,30
	(+) Dos orzamentos pechados	29.546,43
	(+) De operacións non orzamentarias	317.166,55
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		-120.147,33
	(-) Cobros pendentes de aplicación	285.617,48
	(+) Pagos pendentes de aplicación	165.470,15
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)		2.180.398,49
II. Saldos de dubidoso cobro		1.237.149,21
III. Exceso de financiamento afectado		212.758,20
IV. Remanente de tesourería para gasots xerais (I-II-III)		730.491,08

SEGUNDO

Darlle conta ao Pleno deste acordo, así como remitirllle copia á Administración do Estado a través da aplicación telemática dispoñible na Oficina Virtual para as Entidades Locais, e á Comunidade Autónoma, de acordo cos artigos 193.4 e 193.5 do texto refundido da Lei reguladora as facendas locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/1990.>>

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

4 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA (LOEOSF)

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Expte.: 2019/X999/000015

Dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención sobre a avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF, en cumprimento do artigo 16.2 RD 1463/2007, do 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais:

<<O 09/09/2019 emitín o informe de Intervención á liquidación do Orzamento de 2018. Co fin de mellorar a comprensión do análise da situación económica municipal incluín a parte correspondente á avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF. Dado que hai que darlle conta ao Pleno do contido dese informe e hai que remitirlllo á Xunta de Galicia por resultar un incuprimiento de varios dos obxectivos, considero que sería máis claro extraer o contido específico do informe.

Polo tanto, a continuación transcribo literalmente a parte do antedito informe de Intervención que se corresponde coa avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF:

INFORME DE INTERVENCIÓN

Liquidación do Orzamento de 2018

Expte.: 2019/X999/000015

(...)

3.2.5 Estabilidade orzamentaria (EO)

3.2.5.1 Cuantificación da estabilidade orzamentaria en 2018

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias como nas liquidacións dos orzamentos (art. 15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que “a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporarase ós previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación”. Co fin de realizar unha avaliación completa da situación económica do concello, incluírase o informe neste relativo á liquidación, aínda que posteriormente se transcriba nun informe separado.

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros o 7 de xullo de 2017, estableceu como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2018-2020 o equilibrio. Non obstante, no caso de entidades que contén con un Plan de Axuste aprobado o obxectivo a ter en conta sobre estabilidade orzamentaria será o previsto en dito Plan. As previsións do Plan de axuste para a anualidade de 2018 son:

CF	1.227,28
INF	6.636,96
%CF/INF	18,49%

No exercicio 2018 non se dá a situación de capacidade de financiamento coma nos últimos exercicios, senón que o concello entra nunha situación dunha necesidade de financiamento que representa o 6,62 por cento dos ingresos non financeiros.

O detalle do cálculo é o seguinte:

Cap	Descrición	DRN
1	Impostos directos	2.609.946,42
2	Impostos indirectos	104.351,17
3	Taxas e outros ingresos	1.453.659,04
4	Transferencias e subvencións correntes	3.480.475,76
5	Ingresos patrimoniais	1.471,31
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias e subvencións de capital	462.976,45
	Total	8.112.880,15

Cap	Descrición	ORN
1	Gastos de persoal	2.747.499,15
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.798.832,38
3	Gastos financeiros	8.072,85
4	Transferencias e subvencións correntes	263.182,43
6	Investimentos reais	1.314.921,40
7	Transferencias e subvencións de capital	0,00
	Total	8.132.508,21

Saldo ONF	-19.628,06
Axustes	-517.632,22
CF	-537.260,28
%CF/INF	-6,62%

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2018 (+/-)
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-141.478,54
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	-37.373,59
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-51.879,67
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	16.353,60
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	31.023,96
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009	0,00
GR006	Xuros	268,40

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2018 (+/-)
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	Axustes polo grao de execución do gasto	0,00
GR009	Investimentos realizadas por conta da corporación local	0,00
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Achegas de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-360.024,65
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	24.205,94
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR099	Outros	1.272,33
Total		-517.632,22

En primeiro farei unha comparación do saldo das operacións non financeiras antes de axustes entre os exercicios 2017 e 2018, no que a priori amósase que os ingresos non financeiros medraron un 1,21 por cento fronte a un 5,68 por cento dos gastos non financeiros:

Cap	Descrición	DRN 2018	DRN 2017	Variación	Variación %
1	Impostos directos	2.609.946,42	2.187.234,40	422.712,02	19,33%
2	Impostos indirectos	104.351,17	30.269,26	74.081,91	244,74%
3	Taxas e outros ingresos	1.453.659,04	1.295.508,01	158.151,03	12,21%
4	Transferencias e subvencións correntes	3.480.475,76	3.710.951,43	-230.475,67	-6,21%
5	Ingresos patrimoniais	1.471,31	1.038,93	432,38	41,62%

Cap	Descrición	DRN 2018	DRN 2017	Variación	Variación %
6	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	
7	Transferencias e subvencións de capital	462.976,45	790.689,49	-327.713,04	-41,45%
	Total	8.112.880,15	8.015.691,52	97.188,63	1,21%

Cap	Descrición	ORN 2018	ORN 2017	Variación	Variación
1	Gastos de persoal	2.747.499,15	2.570.129,84	177.369,31	6,90%
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.798.832,38	3.692.930,76	105.901,62	2,87%
3	Gastos financeiros	8.072,85	9.455,85	-1.383,00	-14,63%
4	Transferencias e subvencións correntes	263.182,43	135.107,16	128.075,27	94,80%
6	Investimentos reais	1.314.921,40	1.287.833,46	27.087,94	2,10%
7	Transferencias e subvencións de capital	0,00	0,00	0,00	
	Total	8.132.508,21	7.695.457,07	437.051,14	5,68%

Saldo ONF	-19.628,06	320.234,45	-339.862,51	-106,13%
Axustes	-517.632,22	427.783,35	-945.415,57	-221,00%
CF	-537.260,28	748.017,80	-1.285.278,08	-171,82%
%CF/INF	-6,62%	9,33%		

a. Axuste pola recadación dos ingresos dos capítulos do 1 a 3

O criterio seguido polas normas do SEC95 é aplicar un criterio de prudencia na imputación dos ingresos propios da entidade, polo que só se poden incluír os ingresos recadados nos capítulos do 1 ao 3. Deste xeito, se a recadación (do exercicio corrente e dos pechados) é inferior aos dereitos recoñecidos netos debe aplicarse un axuste negativo polo dito importe e viceversa.

Cap	DRN	Recadación corrente	Recadación pechados	Total recadación	Axuste
1	2.609.946,42	2.358.591,52	109.876,36	2.468.467,88	-141.478,54
2	104.351,17	66.632,00	345,58	66.977,58	-37.373,59
3	1.453.659,04	1.370.508,10	31.271,27	1.401.779,37	-51.879,67
Total	4.167.956,63	3.795.731,62	141.493,21	3.937.224,83	-230.731,80

b. Axuste pola liquidación da PIE

Os saldos a reintegrar que se derivan das liquidacións definitivas da PIE deben rexistrarse como menos ingreso e, polo tanto, menos capacidade de financiamento, no ano no que se producen, o que supón un axuste negativo en termos SEC95. Pola contra, os reintegros do dito importe que

orxamentariamente reducen os ingresos do concepto 42000, mediante devolucións de ingresos indebidos, non deberán computarse, pois xa se fixo cando se notificou a dita liquidación definitiva. En consecuencia, as comunicacións das liquidacións definitivas de reintegro, dan lugar a axustes negativos e os reintegros a axustes positivos.

Os datos dos reintegros son os seguintes:

Reintegro PIE 2008	16.353,60
Reintegro PIE 2009	31.023,96

c. Xuros

O axuste dos xuros ven motivado polos desaxustes entre as datas do seu vencemento (data na que se pagan) e os períodos de devindicación, pois pode ocorrer que nun exercicio se liquiden xuros que correspóndense cun período de liquidación que abrangue dous exercicios. Para a determinación da capacidade ou necesidade de financiamento, séguese o criterio de devindicación, polo que aqueles xuros imputados orxamentariamente ao exercicio 2018 pero que se correspondan con outro ano ou aqueles que se prevén aboar no ano seguinte pero refíranse ao 2018, deberanse imputar a este último. Para ilo, calcúlanse esas imputacións que suporán un axuste á aplicación orxamentaria 011.31000:

PRÉSTAMO	PERÍODO: PAGOS 2018 REFERIDOS AO 2017	IMPORTE 2018	AXUSTE: VINDICACIÓN EN 2017
BBVA 584	30/11/2017-27/02/2018	381,16 €	247,13 €
BBVA 342	01/04/2015-31/03/2016	21,27 €	21,27 €
TOTAL			268,40 €
ORN			2.537,83 €
VINDICADO			2.269,43 €
AXUSTE			268,40 €

d. Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento

Afondando no criterio de devindicación contable, as normas do SEC95 esixen que se contabilicen os gastos realizados, independentemente do seu recoñecemento ou aplicación orxamentaria. Por ilo, este importe debe calcularse como a diferenza entre o saldo final e o saldo inicial da conta non orxamentaria (413) *Gastos pendentes de aplicación orxamentaria*.

	4310	4133	Total
Si	306.076,69	18.512,14	324.588,83
Sf	439.764,18	244.849,30	684.613,48
Redución	-133.687,49	-226.337,16	-360.024,65

e. Arrendamento financeiro

Neste apartado inclúense os contratos de arrendamento con ou sen opción de compra que, de acordo coa Instrución de Contabilidade da Administración Local, se contabilizan como se fosen con opción de compra, unicamente desde un punto de vista económico e non xurídico:

- Arrendamento sen opción de compra dun vehículo para a Policía Local
- Arrendamento con opción de compra do equipamento informático do concello
- Arrendamento con e sen opción de compra dos equipos de impresión e dixitalización do concello (formalizado en 2017)

Neste tipo de operacións, o gasto en termos SEC95 debe imputarse no momento da entrega dos bens, dando lugar a un axuste negativo polo seu valor. Os pagamentos polo reembolso do valor do ben deben dar lugar a un axuste negativo para non duplicar o gasto derivado destes arrendamentos.

Alta (2130) pola regularización da conta co vencemento do arrendamento con opción de compra do equipamento informático	508,55
Amortización (xxx.64800)	24.205,94
Axuste	24.714,49

f. Devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamentos

O axuste calcúlase entre a diferenza do saldo final e o saldo inicial das obrigas recoñecidas de devolución de ingresos indebidos pendentes de pagamento:

Si	2.076,88
Sf	804,55
Aumento	1.272,33

3.2.5.2 Factores que explican que o saldo das operacións non financeiras pasasen dun valor positivo en 2017 a un valor negativo en 2018

Dentro das causas desta evolución pode haber factores de natureza coxuntural, interna ou externa, ou de natureza estrutural. É necesario identificar estes motivos e a súa orixe co fin de tomar decisións congruentes.

Para esta análise será de utilidade acudir á desagregación do resultado orzamentario e do resultado orzamentario axustado. Ao inicio deste informe, indicábase que cada unha das magnitudes ten singularidades, polo que a comparación directa entre elas non é axeitada, xa que non sempre teñen en conta datos homoxéneos. Coa súa desagregación e comparación co ano 2017 comprenderase mellor as causas da súa evolución.

	Saldo sen axustes 2017	Efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos de exercicios anteriores)	Efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos do exercicio corrente)	Efecto das desviacións de financiamento	Saldo con axustes 2017
Saldo de operacións correntes	817.378,42	471.777,25	263.034,37	51.871,37	1.604.061,41
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con recursos propios xenéricos	-400.450,67	95.802,31	8.722,60	-289.666,25	-585.592,01
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con préstamo	-96.693,30	0,00	0,00	100.107,97	3.414,67
Saldo total	320.234,45	567.579,56	271.756,97	-137.686,91	1.021.884,07

	Saldo sen axustes 2018	Efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos de exercicios anteriores)	Efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos do exercicio corrente)	Efecto das desviacións de financiamento	Saldo con axustes 2018
Saldo de operacións correntes	832.316,89	253.210,43	287.869,33	82.237,83	1.455.634,48
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con recursos propios xenéricos	-498.945,07	60.899,28	16.226,24	151.311,10	-270.508,45
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con préstamo	-352.999,88	0,00	0,00	-40.754,57	-393.754,45
Saldo total	-19.628,06	314.109,71	304.095,57	192.794,36	791.371,58

	Variación do saldo sen axustes 2018	Variación do efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos de exercicios anteriores)	Variación do efecto das ORN financiadas con Rtgx (gastos do exercicio corrente)	Variación do efecto das desviacións de financiamento	Variación do saldo con axustes 2018
Saldo de operacións correntes	14.938,47	-218.566,82	24.834,96	30.366,46	-148.426,93
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con recursos propios xenéricos	-98.494,40	-34.903,03	7.503,64	440.977,35	315.083,56
Saldo de operacións de capital non financeiras financiadas con préstamo	-256.306,58	0,00	0,00	-140.862,54	-397.169,12
Saldo total	-339.862,51	-253.469,85	32.338,60	330.481,27	-230.512,49

Partindo do resultado orzamentario axustado, que amosa unha situación de superávit neto dos saldos das operacións correntes e non financeiras de capital (791.371,58 €), vemos que conceptos non computan na estabilidade orzamentaria.

- **Factor 1: utilización do remanente de tesourería para gastos xerais como medio de financiamento de gasto non financeiro**

Estas obrigas recoñecidas ao non estar financiadas con recursos xerados no exercicio computan como maior déficit. No cálculo da estabilidade orzamentaria, a diferenza do resultado orzamentario ou do aforro neto, non computan como axuste.

Da comparación dos exercicios 2017 e 2018 resulta que, mentres que o importe de obrigas financiadas con este recurso foi similar en 2017 e 2018 (1.098.478,99 € e 1.068.178,32 €, respectivamente) a súa incidencia foi substancialmente menor en 2018 ao destinar unha maior porcentaxe a amortización de préstamos (que non inflúe no cálculo da estabilidade orzamentaria): 480.273,71 € en 2018 fronte a 228.841,79 € en 2017. Aínda así, representa unha redución da capacidade de financiamento de 618.205,28 €. **Na medida na que os gastos financiados mediante este medio non teñan natureza estrutural e representen unha insuficiencia orzamentaria, este factor ten carácter coxuntural. En caso contrario, estará a manifestar unha necesidade de financiamento estrutural, tal e como se adiantou no apartado do remanente de tesourería e precisarase a adopción de medidas de axuste económico-orzamentarias.**

□ **Factor 2: alteracións no ritmo de execución dos gastos e ingresos afectados**

Este factor si se trata dunha variable na que o concello ten menos marxe de manobra. Representa, ademais, un efecto transitorio, xa que se corraxirá noutro exercicio posterior, a medida que avanza a execución das actuacións con financiamento afectado.

No caso do exercicio 2018 a súa incidencia foi negativa por un importe total de 192.794,36 €, ao tratarse de gastos con financiamento afectado no exercicio que non recibiron o ingreso neste exercicio.

Se vemos o comportamento desta variable dos 3 últimos exercicios a través das desviacións de financiamento, obsérvase que mentres en 2016 e 2017 o saldo neto do exercicio era unha desviación do exercicio positiva, no 2018 invirtíuse a dita situación e pasou a negativa:

	2016	2017	2018
Df exercicio +	433.175,94	389.849,83	315.180,02
DF exercicio -	322.201,06	352.270,89	467.219,81
Saldo neto Df exercicio	110.974,88	37.578,94	-152.039,79

Queda ver se este cambio terá carácter coxuntural ou non. En caso negativo, deberá terse en conta á hora de estimar os valores da capacidade/necesidade de financiamento, xa que, como indiquei, trátase dunha variable fundamentalmente externa.

□ **Factor 3: financiamento de investimentos con débeda financeira**

Para calcular a influencia deste factor, hai que ter en conta a información dos estados dos proxectos de gasto con financiamento afectado e ter en conta aqueles que teñen endebedamento financeiro.

No 2017 os ditos proxectos foron os seguintes:

- 2016/2/19/1: Mellora das escolas unitarias
- 2016/2/3/1: PAI 2015. Mellora das vías municipais (Barral e outras)
- 2017/2/10/1: Investimentos en centros docentes
- 2017/2/16/1: Saneamento integral no lugar de Foxacos (POS+ 2017)


No 2018 foron os seguintes proxectos de gasto:

- 2016/2/19/1: Mellora das escolas unitarias
- 2017/2/10/1: Investimentos en centros docentes
- 2017/2/16/1: Saneamento integral no lugar de Foxacos (POS+ 2018)

O importe de obrigas recoñecidas netas financiadas con endebedamento financeiro inflúen negativamente na estabilidade orzamentaria, xa que se trata claramente de financiamento externo dos gastos do exercicio. O seu efecto está incluído dentro do saldo das operacións de capital non financeiras (-851.944,95 €). Da súa desagregación en obrigas financiadas con recursos propios e con préstamo, podemos comparar a súa evolución con respecto de 2017.

O contexto actual de endebedamento é que, a partir de 2019, increméntase para actuacións excepcionais como a adquisición do Pazo de Rianxiño e a renovación de luminarias do alumeadado público. Anualmente, dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, inclúese unha achega en concepto de préstamo provincial e que, nos últimos anos destinouse á amortización de débeda e ao financiamento de investimentos. En 2019 destinouse unicamente a financiar investimentos. Polo tanto, prevese que o incremento de gasto por investimentos financiados con préstamo seguerá a subir. Se ben, en relación ás dúas actuacións indicadas, ten o carácter excepcional, non debe incrementarse como tendencia a través do endebedamento coa Deputación Provincial. Por iso propoño que eses fondos se destinen a amortizar anticipadamente endebedamento bancario, o que suporá o aforro dos xuros, xa que os préstamos provinciais non teñen custo financeiro.

En valores absolutos, o importe de ingresos correntes adicados ao financiamento de investimentos experimentou un leve incremento (14.938,47 €), pero a súa importancia relativa reduciuse dun 58,57 a un 27,76 por cento, debido a incremento de investimentos financiados con endebedamento financeiro. Estes pasaron dun importe de 96.693,30 € en 2017 a 352.999,88 € en 2018 e a súa importancia relativa, dun 41,43 a un 72,24 por cento.



□ Factor 4: incremento dos gastos pendentes de aplicar a 31 de decembro

Desde o punto de vista da estabilidade orzamentaria estes gastos pendentes de aplicar son obrigas devindicadas desde un punto de vista económico e deben considerarse no cómputo da capacidade/necesidade de financiamento. Un axuste negativo por este concepto representa o financiamento que outras entidades/provedores proporcionan de feito ao concello ante a demora no pago.

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2018	Axuste 2017	Variación 2017-18	Variación 2017-18 (%)
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-360.024,65	592.851,69	-952.876,34	-160,73%
Axustes totais		-517.632,22	427.783,35	-945.415,57	-221,00%

O axuste que influíu decisivamente na redución do seu valor nun 221 por cento foi o relativo aos gastos pendentes de aplicación a 31/12/2018. O axuste representa a variación anual do saldo da conta (413). Un axuste positivo por este concepto reflicte que o saldo reduciuse e, que polo tanto reduciuse o importe dos gastos pendentes de aplicar a 31 de decembro con respecto do ano anterior e se o axuste é negativo reflicte o incremento deste saldo. Pois ben, este axuste pasou dun axuste positivo en 2017 a outro negativo de -360.024,65 €. É verdade que no 2016 o saldo da conta (413) foi anormalmente elevado debido á falta de tramitación de facturas e, polo tanto o axuste de 2017 por este concepto foi anormalmente positivo. Non obstante, o incremento das facturas a final do exercicio pasou de 324.588,83 € en 2017 a 684.613,48 € en 2018 e este axuste supón un 69,55 por cento do axuste total (-360.024,65/-517.632,22).

3.2.5.3 Consecuencias da necesidade de financiamento

De acordo co artigo 16.2 RD 1463/2007, cando o resultado do informe de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria sexa de incumprimento, deberá remitirse á Xunta de Galicia (por ser competencia desta a tutela financeira do Concello) no prazo de 15 días dende a toma de coñecemento polo Pleno de dito informe. Debe terse en conta que mentres que a aprobación do orzamento e dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito son competencia plenaria, as restantes modificacións orzamentarias e a aprobación da Liquidación do orzamento son competencia do alcalde do Concello. En consecuencia, e posto que o art. 16.2 fala do coñecemento polo Pleno do informe sobre estabilidade orzamentaria tamén nestes supostos, dedúcese que no caso destas materias que non son competencia plenaria (como a liquidación do orzamento), deberá remitirse o dito informe ao Pleno para o seu coñecemento e no prazo de 15 días dende entón deberá remitirse á Xunta de Galicia.

O artigo 19 do RD 1463/2007 establece a obriga de elaborar un plan económico-financiro no supoto de incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria. O artigo 21 LOEOSF obriga a que o plan económico-financiero permita que no ano en curso e no seguinte se cumpra o obxectivo. Por outra parte, o artigo 23 LOEOSF establece os procedemento a seguir para a aprobación destes plans:

- Deberá aprobalo o Pleno
- Deberán aprobarse no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación
- A súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento

3.2.6 Regra de gasto (RG)

3.2.6.1 Taxa de referencia para a regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na sesión do Consello de Ministros do 7 de xullo de 2017, fixou a taxa de referencia no 2,7% para o ano 2018.

3.2.6.2 Cálculo do gasto computable

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

“2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.

No apartado adicado ao cálculo da estabilidade orzamentaria, antes de aplicar ningún axuste, calculouse un incremento do gasto non financeiro do 5,68 por cento. Quea aplicar os diferentes axustes, pero semella que hai un indicador de que a regra de gasto non se vai cumprir.

O detalle do cálculo é o seguinte.

Concepto	Liquidación exercicio 2017	Peche final liquidación 2018
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	7.686.001,22	8.124.435,36
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros según o SEC	-575.041,61	335.818,71
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0,00	
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	
(+/-) Execución de avais	0,00	
(+) Achegas de capital	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-592.851,69	360.024,65
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro	17.810,08	-24.205,94
(+) Préstamos	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012		
(-) Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra A.P.	0,00	
(-) Grao de execución	0,00	
Outros (especificar)	0,00	0,00
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	7.110.959,61	8.460.254,07
(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local	0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-1.694.750,54	-1.351.724,25

Unión Europea	0,00	0,00
Estado	-1.998,44	-3.102,90
Comunidade Autónoma	-677.991,77	-664.938,97
Deputacións	-1.009.913,62	-678.250,35
Outras Administracións Públicas	-4.846,71	-5.432,03
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0,00	0,00
Total de gasto computable do exercicio	5.416.209,07	7.108.529,82

(*). O detalle deste cálculo amósase despois de calcular o in/cumprimento da regra de gasto

(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	14.537,72	-12.834,08
Ibi urbana. Efecto da redución do tipo de gravame	-33.944,62	-76.351,79
Ibi rústica. Efecto da redución do tipo de gravame		-15.163,66
Ibi urbana. Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012	18.740,21	78.681,37
Ibi rústica. Efecto neto da Ponencia de valores coa redución do tipo de gravame	29.742,13	

Gasto computable 2017	5.416.209,07
Taxa de referencia de crecemento PIB 2018	2,70%
Gasto computable incrementado pola taxa de referencia	5.562.446,71
Aumentos/diminucións de recadación	-12.834,08
Gasto computable máximo	5.549.612,63
Gasto computable do exercicio	7.108.529,82
Déficit(-)/Superávit(+) regra de gasto	-1.558.917,19

(*). Detalle do cálculo das obrigas financiadas con subvencións de Administracións Públicas:

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Rehabilitación integral do Castelo da Lúa	2017/2/9/1	0,75	Asociación Desenvolvemento Local Deloa	CA	66.675,88
Xulgado de Paz 2017	2017/3/11/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	306,36
Información xuvenil	2017/3/4/1	0,15	Xunta de Galicia	CA	102,54
Mantemento da Oficina de Rehabilitación 2017	2017/3/6/1	0,15	Instituto Galego de Vivenda e Solo	CA	586,37
Traballadoras sociais 2017	2017/3/8/1	0,55	Xunta de Galicia	CA	794,08
SAF dependencia 2017	2017/3/9/1	0,83	Xunta de Galicia	CA	608,10

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
PEIM 2018-19. Pavimentación do camiño de subida ao Monte Treito	2018/2/15/1	0,79	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	CA	14.566,70
Sistema de videovixilancia do parque empresarial	2018/2/16/1	0,80	Xunta de Galicia	CA	25.026,81
Actuacións de mellora nas infraestruturas turísticas	2018/2/17/1	0,65	Xunta de Galicia	CA	24.477,16
Dotación de fondos bibliográficos en galego	2018/2/18/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	1.749,98
Mellora das coleccións bibliográficas	2018/2/19/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	3.606,41
Acondicionamento da Ruta das Trece Cruces	2018/2/20/1	0,83	Xunta de Galicia	CA	9.705,09
Vivendas dos Mestres	2018/2/3/1	0,67	Instituto Galego de Vivenda e Solo	CA	14.957,11
Fondo de Compensación Ambiental 2018. Rozadora	2018/2/4/1	0,54	Xunta de Galicia	CA	7.448,70
Instalación de lamas e marquesiñas no CEIP de Asados	2018/2/6/1	0,60	Xunta de Galicia	CA	21.054,00
Xulgado de Paz 2018	2018/3/11/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	2.602,97
Brigada de incendios 2018. Labores de vixilancia e defensa	2018/3/22/1	0,73	Xunta de Galicia	CA	31.868,50
Brigada de incendios 2018. Labores de prevención	2018/3/23/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	22.681,92
Persoal para as Oficinas de Turismo 2018	2018/3/25/1	0,89	Xunta de Galicia	CA	5.200,00
APROL Rural 2018. Servizo de limpeza de montes	2018/3/26/1	0,78	Xunta de Galicia	CA	11.320,57
Plan de Inclusión Social 2017 (contratación de persoas perceptoras da Risga)	2018/3/27/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	7.745,96
Plan de Inclusión Social 2018 (contratación de persoas perceptoras da Risga)	2018/3/27/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	11.613,56
Servizo de Orientación Laboral 2018	2018/3/33/1	0,98	Xunta de Galicia	CA	3.596,95
Actividades de animación á lectura	2018/3/35/1	0,65	Xunta de Galicia	CA	855,29
Obradoiro de emprego Carnero Valenzuela	2018/3/37/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	69.864,30
Obradoiro de emprego Arcos Moldes II	2018/3/39/1	1,00	Xunta de Galicia	CA	46.011,49
Promoción das festas de interese turístico, festas da Guadalupe 2018	2018/3/41/1	0,84	Axencia de Turismo de Galicia	CA	2.999,92
Servizo de Normalización Lingüística 2018	2018/3/43/1	0,43	Xunta de Galicia	CA	2.259,00
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	2018/3/5/1	0,29	Xunta de Galicia	CA	11.494,42
Mantemento da Oficina de Rehabilitación 2018	2018/3/6/1	0,09	Instituto Galego de Vivenda e Solo	CA	4.361,37
Traballadoras sociais 2018	2018/3/8/1	0,52	Xunta de Galicia	CA	32.834,70

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
SAF dependencia 2018	2018/3/9/1	0,66	Xunta de Galicia	CA	205.962,76
				CA Suma	664.938,97
Remodelación da Casa-Museo de Rafael Dieste	2016/2/11/1	0,80	Deputación Provincial	DP	27.114,19
POS 2016. Saneamento en Pedriñas	2016/2/14/1	1,00	Deputación Provincial	DP	131.689,36
Pavimentación e rede de pluviais na rúa Irmáns Insua	2017/2/1/1	0,80	Deputación Provincial	DP	37.846,78
POS 2017. Vestiarios no Campo de Fútbol da Lomba	2017/2/18/1	0,69	Deputación Provincial	DP	103.995,65
Mellora das infraestruturas recreativas e turísticas	2017/2/2/1	0,80	Deputación Provincial	DP	26.302,50
POS 2017. Pavimentación en Rianxiño, Fincheira	2017/2/20/1	0,21	Deputación Provincial	DP	8.399,64
Dotación de saneamento en Cerqueiras, 1ª fase	2017/2/21/1	0,61	Deputación Provincial	DP	34.537,11
Programa de Integración Laboral para obras e servizos mínimos (PIL 2017)	2017/3/1/1	0,74	Deputación Provincial	DP	2.346,28
Servizos Sociais comunitarios 2017	2017/3/10/1	0,47	Deputación Provincial	DP	1.714,18
Servizo de Normalización Lingüística 2017	2017/3/13/1	0,52	Deputación Provincial	DP	244,80
Persoal para as Oficinas de Turismo 2017	2017/3/18/1	0,98	Deputación Provincial	DP	290,56
Animadora cultural 2017	2017/3/2/1	0,39	Deputación Provincial	DP	185,23
Rede Cultural 2017	2017/3/22/1	0,50	Deputación Provincial	DP	2.525,50
Animador deportivo 2017	2017/3/3/1	0,61	Deputación Provincial	DP	309,76
Persoal técnico para a Casa Museo de Manuel Antonio 2017	2017/3/30/1	1,00	Deputación Provincial	DP	5.151,76
Persoal técnico para a Aula Activa do Mar 2017	2017/3/31/1	1,00	Deputación Provincial	DP	7.815,23
POS Adicional 2017. Liña de pago a provedores (investimentos)	2018/2/7/1	1,00	Deputación Provincial	DP	12.459,73
Servizos Sociais Comunitarios 2018	2018/3/10/1	0,48	Deputación Provincial	DP	59.935,95
Servizos de Normalización Lingüística 2018	2018/3/13/1	0,51	Deputación Provincial	DP	11.729,68
Rede Cultural 2018	2018/3/15/1	0,50	Deputación Provincial	DP	23.282,24
Persoal para as Oficinas de Turismo 2018	2018/3/19/1	1,00	Deputación Provincial	DP	16.334,25
Animadora Cultural 2018	2018/3/2/1	0,39	Deputación Provincial	DP	8.827,21
Programa de Integración Laboral para obras e servizos mínimos (PIL 2018)	2018/3/20/1	0,77	Deputación Provincial	DP	49.369,67
Programa de Limpeza de Praias Marítimas 2018	2018/3/21/1	0,59	Deputación Provincial	DP	22.286,04
Persoal técnico para a Aula Activa do Mar 2018	2018/3/28/1	0,97	Deputación Provincial	DP	9.484,89
Persoal técnico para a Casa-Museo de Manuel Antonio 2018	2018/3/29/1	0,97	Deputación Provincial	DP	9.994,52

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Animador deportivo 2018	2018/3/3/1	0,57	Deputación Provincial	DP	13.915,73
Festival Noites de Jazz 2018	2018/3/31/1	0,68	Deputación Provincial	DP	5.000,00
POS 2018. Gasto corrente, alumeadado público	2018/3/32/1	0,18	Deputación Provincial	DP	45.161,91
				DP Suma	678.250,35
Mantemento da Oficina de Rehabilitación 2017	2017/3/6/1	0,05	Ministerio de Fomento	E	195,32
Mantemento da Oficina de Rehabilitación 2018	2018/3/6/1	0,06	Ministerio de Fomento	E	2.907,58
				E Suma	3.102,90
Convenio para o reforzo policial no Nazareno 2015	2015/3/31/1	1,00	Concello da Pobra do Caramiñal	Outros	204,14
Convenio para o reforzo policial no Nazareno 2016	2017/3/26/1	1,00	Concello da Pobra do Caramiñal	Outros	48,65
Convenio para o reforzo policial na Pascua 2018 de Padrón	2018/3/17/1	1,00	Concello de Padrón	Outros	4.719,86
Conenlio para o reforzo policial no Nazareno 2018	2018/3/36/1	1,00	Concello da Pobra do Caramiñal	Outros	459,38
				Outros Suma	5.432,03
				Total	1.351.724,25

Dos cálculos anteriores resulta un incumprimento do límite do crecemento do gasto non financeiro cunha desviación de -1.558.917,19 €. O gasto computable medrou un 31,25 por cento en 2018 fronte a 2017.

Concepto	Liquidación exercicio 2017	Peche final liquidación 2018	Variación	Variación (%)
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	7.686.001,22	8.124.435,36	438.434,14	5,70 %
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros según o SEC	-575.041,61	335.818,71	910.860,32	-158,40 %
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	7.110.959,61	8.460.254,07	1.349.294,46	18,97 %
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-1.694.750,54	-1.351.724,25	343.026,20	-20,24 %
Total de gasto computable do exercicio	5.416.209,07	7.108.529,82	1.692.320,75	31,25 %
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	14.537,72	-12.834,08	-27.371,80	-188,28 %

Partindo dun incremento inicial do 5,70 por cento do gasto orzamentario non financeiro, acadouse un incremento do 31,25 por cento do gasto computable. Tal e como se amosa na táboa, as causas foron:

- Os axustes, aos gastos non financeiros, especialmente a causa dos gastos pendentes de

aplicación que supuxeron un axuste de 360.024,65 €, un 160,73 por cento máis con respecto a 2017.

- Os gastos financiados con subvencións de Administracións Públicas, que en 2018 reducíronse nun 20,24 por cento.
- A redución da recadación por modificacións normativas. A súa incidencia foi moito menor, xa que representou 27.371,80 €. Non obstante, hai que lembrar que no expediente de modificación da Ordenanza do Ibi establecíase o obxectivo de que a recadación medrase ao redor dun 2 por cento, tal e como se indicara nas liñas fundamentais do orzamento. Non obstante, do informe de Tesourería para a liquidación resultou unha redución neta da recadación. Polo tanto, é necesario realizar estimacións máis prudentes, xa que a aplicación das modificacións normativas non está a cumprir as previsións e contribúe a que os ingresos correntes ordinarios medren por debaixo dos gastos correntes ordinarios.

3.2.6.3 Consecuencias do incumprimento da regra de gasto

O artigo 21 LOEOF establece a obriga da elaboración dun plan económico-financieiro non só no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, senón tamén para o suposto da regra de gasto e nos mesmos termos que nos indicados no apartado adicado a aquela.

3.2.7 Nivel de débeda (CV)

3.2.7.1 Cumprimento do obxectivo do nivel de endebedamento

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN\text{correntes}} \times 100$$

CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada

DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de

decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.

Da aplicación desta normativa resulta un endebedamento a 31/12/2018 do 12,93 por cento dos ingresos correntes axustados, tendo unicamente as operacións vivas e non as proxectadas para 2019.

Entidade	Préstamo	Importe
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30
Total		893.106,66

CV a 31/12/2018	893.106,66
Ingresos correntes axustados	6.905.926,09
CV/Ingresos correntes axustados (%)	12,93%

De ter en conta as operacións de endebedamento de 2019, a dita porcentaxe ascende a un 41,70 por cento.

Entidade	Préstamo	Importe
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30
Deputación Provincial	Proxectado POS 2019	187.078,56
Banco de Sabadell	807645534588	1.600.000,00
Banco de Sabadell		199.679,04
Total		2.879.864,26

CV a 31/12/2018	2.879.864,26
Ingresos correntes axustados	6.905.926,09
CV/Ingresos correntes axustados (%)	41,70%

Dado que, en calquera caso, o nivel de endebedamento está por debaixo do 75 por cento dos ingresos correntes axustados do 2018, estase a cumprir o obxectivo de débeda.

3.2.7.2 Réxime de endebedamento para 2019

As limitación ao endebedamento proceden de varios textos normativos e ten en conta varias magnitudes. En canto ao aforro neto, hai que ter en conta que para o seu cálculo haberá que ter en conta as precisións realizadas ao inicio do apartado deste ratio.

1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	Non: os préstamos co Fondo de Financiamento de Pagamento a Provedores (FF.PP.) están cancelados
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 ^a do RD-lei 20/2011 e DF 31 ^a LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	Non (aforro neto positivo)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14^a do RD-lei 20/2011 e DF 31^a LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%	Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo	Si (nivel de endebedamento inferior ao 75%)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 ^a do RD-lei 20/2011 e DF 31 ^a LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento superior ao 75% e igual ou inferior ao 110%	Posibilidade de acudir a endebedamento previa autorización do órgano que ten a tutela financeira (Xunta de Galicia)	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 ^a do RD-lei 20/2011 e DF 31 ^a LOXE 2013	Nivel de endebedamento superior ao 110%	Prohibición	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)

2. Operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo

En ausencia dunha regulación ao respecto na LOXE, debe aplicarse o réxime previsto no artigo 49.2.d) TRLFL para a "substitución total ou parcial de operacións (de endebedamento) preexistentes". Ao mesmo tempo, deberán terse en conta as prescricións da Resolución do 04/07/2017 da

Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira sobre a prudencia financeira das EE.LL. Así, o seu artigo 7 establece que:

“Calquera entidade financeira distinta á acreedora orixinal poderá formalizar unha operación baixo estes criterios co fin de que (...) Entidade Local (...) amorticen anticipadamente a operación previa”.

Dos criterios expostos anteriormente nese artigo 7 derívase que esta novación, reestruturación ou refinanciamento poderá realizarse co límite do custo financeiro máximo que, só poderá superarse nos supostos enumerados nese precepto.

Segundo o valor dos ratios considerados (aforro neto e nivel de débeda) permiten, desde un punto de vista legal, acudir a endebedamento financeiro para destinalo a investimentos, deberá terse en conta para próximas operacións, o informe que analice os aspectos económicos, xa que pode que desde este análise non sexa recomendable. Deberán terse en conta as conclusións deste informe e o tipo de investimento que se vaia realizar, xa que os de natureza ordinaria non deben utilizar medios de financiamento de carácter extraordinario.

3.2.8 Período medio de pago (PMP)

3.2.8.1 Cumprimento do período medio de pagamento

Período	Ratio de Operacións Pagadas	Ratio de Operacións Pendentes de Pagamento	Período Medio de Pagamento Trimestral
2018 2T	38,63	61,95	50,89
2018 1T	36,76	16,14	28,69

Indícase que a partir do terceiro trimestre non consta o cálculo deste indicador. Tras a modificación da metodoloxía do seu cálculo existen problemas para o cálculo do PMP pola aplicación de contabilidade pola falta de integración entre a aplicación de xestión de expedientes (e tamén das facturas) e a aplicación de contabilidade, que permita ter en conta a data de conformidade. Os datos da táboa non son fiables, xa que están a considerar como *dies a quo* para o cómputo, a data de aprobación das facturas. Isto non é representativo da realidade do PMP, xa que as dificultades na tramitación das facturas están na súa aprobación debido a falta de crédito orzamentario, fase na que se produce o atraso do pago. Unha vez aprobadas as facturas, o tempo que media ata o pagamento é pouco, o que explica valores baixos do PMP na táboa. En calquera caso, considero que existe un incumprimento.

O artigo 4.2 LOEOSF establece que “*enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento a provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa de morosidade*”. Actualmente, cos niveis acadados polo PMP debe concluírse en que non existe

sostibilidade na débeda comercial.

3.2.8.2 Consecuencias do incumprimento

O artigo 16.6 LOEOSF establece a consecuencia deste incumprimento:

“(...) Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á dita publicación, como parte do dito plan o seguinte:

- a) O importe dos recursos que vai adicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade*
- b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros ou pagamentos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”.*

De acordo co artigo 18.5 LOEOSF é o órgano interventor das Corporacións Locais a que debe realizar o seguimento do cumprimento do período medio de pagamento, o que estase a realizar a través deste informe.

Para corrixir este indicador é indispensable a disciplina orzamentaria por parte dos órganos xestores do gasto.

3.3 Diagnóstico da situación económica do Concello de Rianxo

Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:

- Nos últimos anos houbo unha importante redución do endebedamento financeiro mediante amortizacións extraordinarias financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais. En 2019 tivo lugar a formalización de novo endebedamento que dará lugar a un esforzo importante para a súa amortización, polo que unha parte importante do aforro neto destinarase a carga financeira. É importante garantir a saúde económica e orzamentaria municipal.
- Constátase unha falta importante de disciplina a nivel global, que deu lugar no 2018 a un incremento moi significativo da conta (413), superando a capacidade económico-orzamentaria, o que compromete na súa meirande parte o remanente de tesourería de 2018.

- Como consecuencia desta falta de disciplina orzamentaria na realización do gasto, tanto en 2017 como en 2018 acudiuse ao remanente de tesourería para financiar gasto corrente e de capital sen consignación orzamentaria. No 2019 esta posibilidade mermou debido a:
 - Redución do remanente de tesourería para gastos xerais
 - Incremento dos gastos pendentes de aplicar na conta (413)

Debe terse en conta que o remanente de tesourería non debe constituír un medio habitual de financiamento de gasto ordinario, xa que pon de manifesto a incapacidade de xerar recursos durante o exercicio para gastos de natureza estrutural. En todo caso, os gastos de natureza estrutural deberán financiarse con ingresos de natureza estrutural. No 2018 parte dos gastos estruturais financiáronse con remanente de tesourería e, aínda así, produciuse un incremento do saldo da conta (413) dun 110,92 por cento.

- Consecuencias da falta de disciplina orzamentaria e incremento da conta (413):
 - Empeoramento do período medio de pago, xunto cos prexuízos causados aos provedores. Incrementase o risco da esixencia de responsabilidades ao concello por parte dos provedores.
 - Contribución ao incumprimento da regra de gasto
 - Contribución á xeración en 2018 de necesidade de financiamento
 - Se as magnitudes orzamentarias (resultado orzamentario, aforro neto ou remanente de tesourería) tivesen en conta os gastos pendentes de aplicación, os seus datos serían significativamente peores.
- Constátase que en 2017 e 2018 os gastos correntes medraron en maior proporción que os ingresos correntes ordinarios, dando lugar á redución de:
 - Aforro bruto
 - Aforro neto
 - Resultado orzamentario antes de axustes
 - Remanente de tesourería
 - Estabilidade orzamentaria

Hai que ter en conta que, segundo o informe de Tesourería sobre os efectos da modificación da ordenanza do IBI na súa recadación, esta mermou a pesar de que se pretendía que se incrementase nunha porcentaxe próxima ao 2 por cento. Isto conduce á necesidade de poñer maior énfase na estimación prudente dos ingresos na fase de elaboración do orzamento.

- Tendo en conta que a base que debe soste a actividade municipal é o aforro neto, coa

súa redución merma a capacidade municipal para:

- Afrontar gastos/actuacións extraordinarias
- Financiar investimentos
- Asumir nova carga financeira
- Implementar ou ampliar servizos públicos con déficit

Este panorama non é o mais favorable para os retos que pretende afrontar o concello como son a nova carga financeira, previsión de novos servizos públicos, etc.

- Incrementábase o volume de investimento financiado con préstamo. Deberá terse en conta que o endebedamento non debe ser un recurso ordinario para o financiamento de investimentos, especialmente se teñen carácter ordinario.
- Debido ao incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, é necesario proceder á elaboración dun plan económico-financeiro.

Semella que o concello está a entrar nunha dinámica de crecemento do gasto por encima da súa capacidade de xerar recursos ordinarios anuais e que leva ao seu financiamento con recursos extraordinarios, como o remanente de tesourería, ou ao incremento da débeda comercial, reflectido polo crecemento do saldo da conta (413). Ademais de nacer unha situación de insostenibilidade comercial, cabe o risco de entrar nunha situación de insostenibilidade financeira e necesidade de financiamento de carácter estrutural. De ser así, deberíanse adoptar medidas drásticas a través dun plan de axuste. Polo tanto, urxe corrixir a situación con medidas que incidan no control de gasto e a xeración de recursos estruturais.

4 CONCLUSIÓNS

4.1 Sobre o procedemento

O contido do expediente reúne os requisitos do TRLFL, pero non cumpríu o prazo para a súa elaboración e remisión ao Ministerio de Facenda. Neste punto retomo a reflexión do punto 3.1.2 deste informe para acometer medidas organizativas que comprometan tanto aos cargos electos como aos departamentos da Área Económica para introducir o persoal necesario, como para organizar a axenda de traballo priorizando as tarefas de peche de contas e elaboración do orzamento nas datas nas que corresponde. Polo menos, o peche contable debe estar realizado no mes de marzo, para que a actividade orzamentaria sexa o máis estable posible.

Dado que constatouse un incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, o informe sobre o dito incumprimento deberá remitírselle á Subdirección Xeral de Política Financeira e Tesouro nun prazo de 15 días desde o seu coñecemento polo Pleno. Como xa

se indicou, deberá elaborarse un plan económico-financieiro para corrixir a situación de necesidade de financiamento e o incumprimento da regra de gasto.

4.2 Medidas propostas

- Poñer en marcha procedementos de garantía a existencia de crédito na contratación menor (verbal), de modo que o seu incumprimento dea lugar a consecuencias no responsable do gasto. A implementación do procedemento telemático da proposta de gasto non é utilizado con carácter xeral.
- Establecer un compromiso entre os cargos electos e os departamentos implicados para facilitar que actuacións como o peche contable se realicen en prazo. Unha das consecuencias de que non se produza é que non se dispoña do remanente de tesourería para liquidar os gastos da conta (413), dando lugar a moitas distorsións, especialmente nos provedores. Por outra parte, co fin de non atrasar moitos destes pagos adiántanse recursos propios municipais, na medida do posible, para a aprobación dos diferentes recoñecementos extraxudiciais. Ilo provoca unha insuficiencia orzamentaria para levar a cabo as actuacións do exercicio corrente. Por todo isto, propoño que os recoñecementos extraxudiciais de competencia plenaria (para os gastos da conta (413) que se realizaron sen crédito orzamentario) non se aproben en tanto non se dispoña do remanente de tesourería.
- Establecer outras medidas encamiñadas a incrementar o aforro bruto e neto:
 - Adicar parte dos fondos provinciais concedidos a gasto corrente
 - Revisar o financiamento dos servizos públicos e a ocupación de dominio público municipal para considerar o establecemento de taxas ou prezos públicos
- Nas decisións do tipo de gravame do IBI, aplicar unha maior prudencia na redución do tipo ou non aplicala. Lembro que os efectos na recadación por esta medida foron peores dos estimados inicialmente.
- Reducir o endebedamento a través do remanente de tesourería, na medida na que os gastos de exercicios anteriores o permitan.
- Evitar adicar o remanente de tesourería ao financiamento de gastos ordinarios do exercicio. Non obstante, neste exercicio 2019 hai un volume importante de facturas sen consignación orzamentaria, polo que propoño utilizar o remanente de tesourería dispoñible para o seu financiamento e evitar que a conta (413) engrose a 31 de decembro.
- Reducir o custo do endebedamento a través da súa amortización extraordinaria cos préstamos anuais da Deputación Provincial, que teñen custo cero.

Este é o meu informe sen prexuízo doutra opinión superior en dereito ou no aspecto económico-orzamentario.

Rianxo, 9 de setembro de 2019

A interventora, Patricia Fernández Pérez

Como xa se indica no informe, corresponde darlle conta ao Pleno deste extracto e, posteriormente, no prazo de 15 días desde o seu coñecemento, debe remitírselle á Subdirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, por incumprirse os obxectivos indicados.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

5 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO-FINANCIERO (PSF 2015-18) NA ANUALIDADE 2018

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Expte.: 2018/X998/000076

En aplicación do artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia, dáselle conta ao Pleno do informe da Intervención Municipal emitido o 18/09/2019, sobre a avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento-Financeiro 2015-18 no exercicio 2018:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Avaliación do cumprimento da anualidade 2018 do Plan de Saneamento-Financeiro (PSF 2015-18)

Expte.: 2019/X998/000153

1. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia (RDL 8/2014), art. 3*
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*

2. ANTECEDENTES

O 29/12/2014 o Pleno aprobou, xunto coa solicitude de refinanciamento dunha das operacións do mecanismo de pagamento a provedores, un PSF, xa que o aforro neto que salía da liquidación do ano anterior era negativo.

As medidas que o Pleno se comprometeu a levar a cabo para corrixir o valor negativo do aforro neto foron:

- Amortización anticipada de préstamos co superávit orzamentario derivado da liquidación do ano 2013*
- Refinanciamento do préstamo da primeira fase do mecanismo de pagamento a provedores*
- Vencemento dunha serie de operacións de préstamo, segundo os seus cadros de amortización*

O artigo 3.6 RDL 8/2014, do 4 de xullo establece que o interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento dos ditos plans e presentalo ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento, e deberá, ademais, remitirlllo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3. INFORME

3.1 Cálculo do aforro neto

O aforro neto non é unha magnitude estática. Os únicos elementos que a compoñen e que, como mínimo durante un exercicio se utilizan para o seu cálculo, sen que varíe, son os datos da liquidación: dereitos recoñecidos netos correntes (capítulos do 1 ao a5) e obrigas recoñecidas netas dos gastos correntes non financeiros (capítulos 1, 2 e 4). A anualidade teórica de amortización non ten un valor constante nin aínda dentro do exercicio, poio deben terse en conta aspectos como a evolución do tipo de referencia dos préstamos (xuros), se houbo cancelacións parciais da débeda ou vencementos ou cancelacións totais de préstamos.

Consideracións ao cálculo do aforro neto

A definición legal desta magnitude realízase o artigo 53.1 do texto refundido da Lei das facendas locais. A disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, modificada á súa vez pola disposición final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado, modificaron a fórmula de cálculo introducindo unhas matizacións.

Dos anteriores preceptos extráese a necesidade de realizar uns axustes aos ingresos e gastos correntes que se teñen en conta para o cálculo do aforro neto:

- Non se deberán computar as obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería. Polo tanto, deberán excluírse todas aquelas obrigas financiadas tanto con remanente de tesourería para gastos xerais como con exceso de financiamento afectado.*
- Non se deberán computar os ingresos correntes afectados a operacións de capital e calquera outro ingreso extraordinario que pola súa afectación legal e/ou carácter recorrente non teña o carácter de ingreso ordinario.*

No informe da liquidación do orzamento determináronse os axustes a realizar:

Obrigas financiadas con remanente de tesourería

Modificacións financiadas con remanente de tesourería	Total ORN	Cap 1	Cap 2	Cap 4
Crédito extraordinario 1/2018	287.869,33		244.872,73	42.996,60
Suplemento de crédito 1/2018	253.210,43		253.210,43	
2017/3/22/1/1	2.525,50		2.525,50	
2017/3/26/1/1	48,65	48,65		
2017/3/27/1/1	10.173,82	10.173,82		
2017/3/30/1/1	5.151,76	5.151,76		
2017/3/31/1/1	7.815,23	7.815,23		
Ocorr financiadas RT totais	566.794,72	23.189,46	500.608,66	42.996,60

Ingrosos de carácter extraordinario

Determináronse os seguintes:

Descrición	Ingreso extraordinario 2018
Liquidación lixo atrasos 2014-17 (RD)	66.758,59
Liquidación lixo cobrado atrasos 2014-17	33.278,68
Liquidación IBI atrasos 2014-17 (RD)	299.043,14
Liquidación IBI cobrado atrasos 2014-17	226.397,51
ICIO	55.634,49
Liquidación definitiva PIE 2016	62.865,20
Total	743.977,61

Anualidade teórica de amortización

Para o cálculo da anualidade teórica de amortización realizado no informe da liquidación do exercicio 2018 consideráronse os préstamos a 31/12/2018, xa que nesta data, os concertados con entidades financeiras canceláronse na súa totalidade. Deste xeito, a única débeda financeira é a formalizada coa Deputación Provincial:

Entidade	Préstamo	Importe	Tipo xuro	Periodicidade e na liquidación	Prazo	Tipo de xuro a aplicar	Anualidade teórica de amortización (Ata)
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20	0,0000%	Semestral	10 anos (amortización)	0,0000%	20.442,32
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95	0,0000%	Semestral	10 anos (amortización)	0,0000%	22.285,30
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21	0,0000%	Semestral	10 anos (amortización)	0,0000%	22.304,02
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30	0,0000%	Semestral	10 anos (amortización)	0,0000%	24.279,03
Total							89.310,67

3.2 Cumprimento das previsións

Tendo en conta os datos que se extraen da liquidación do exercicio 2018 e os axustes a realizar detallados no apartado anterior, a comparación coas previsións do PSF son as seguintes:

Ingresos correntes derivados da modificación de políticas

Neste apartado consignouse o importe correspondente ás variacións de recadación como consecuencia de:

- Os efectos da ponencia de valores do IBI de natureza rústica e urbana.
- Os efectos da redución do tipo de gravame no IBI de natureza rústica e urbana.

(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	-12.834,08
---	------------

Breve descripción do cambio normativo	Importe Incr(+)/dimin(-) en liquidación do orzamento 2018	Norma(s) que cambian	Aplicación económica
Ibi urbana. Efecto da redución do tipo de gravame	-76.351,79	Ordenanza fiscal	11300
Ibi rústica. Efecto da redución do tipo de gravame	-15.163,66	Ordenanza fiscal	11200
Ibi urbana. Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012	78.681,37	Ponencia de valores (art. 67 TRLFL) y Ordenanza fiscal	11300

O detalle do cálculo do aforro neto a 31/12/2018 é o seguinte:

Ingresos	Año 2018 PSF	Liquidación 2018 (sin ptmos vencidos 2018)	Liquidación 2018 (con ptmos vencidos 2018)	Variación (sin ptmos vencidos 2018)	Variación (con ptmos vencidos 2018)
Ingresos correntes	6.767.616,34	6.905.926,09	6.905.926,09	2,04%	2,04%
Derivados de la evolución tendencial (no afectados por modificaciones de políticas)	6.767.616,34	6.918.760,17	6.918.760,17	2,23%	2,23%
Derivados de modificación de políticas	0,00	-12.834,08	-12.834,08		

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2018 PSF	Liquidación 2018 (sin ptmos vencidos 2018)	Liquidación 2018 (con ptmos vencidos 2018)	Variación (sin ptmos vencidos 2018)	Variación (con ptmos vencidos 2018)
Capítulo 1 y 2: impuestos directos e indirectos	2.289.716,51	2.133.222,45	2.133.222,45	-6,83%	-6,83%
IBI	1.845.690,78	1.403.307,22	1.403.307,22	-23,97%	-23,97%
IAE	66.548,40	111.721,42	111.721,42	67,88%	67,88%
IVTM	574.800,46	554.943,54	554.943,54	-3,45%	-3,45%
IIVTNU	6.332,91	14.533,59	14.533,59	129,49%	129,49%
ICIO	23.428,86	48.716,68	48.716,68	107,93%	107,93%
Cesión de impuestos del Estado	0,00	0,00	0,00		0,00%
Ingresos de capítulos 1 e 2 no incluídos anteriormente	0,00	0,00	0,00		0,00%
Capítulo 3. Tasas, precios públicos y otros ingresos	1.441.972,84	1.353.621,77	1.353.621,77	-6,13%	-6,13%
Capítulo 4. Transferencias corrientes	3.034.926,99	3.417.610,56	3.417.610,56	12,61%	12,61%
PIE	2.231.642,81	2.243.018,71	2.243.018,71	0,51%	0,51%
Resto de transferencias corrientes	803.284,18	994.894,42	994.894,42	23,85%	23,85%
Capítulo 5. Ingresos patrimoniales	1.000,00	1.471,31	1.471,31	47,13%	47,13%
Total de ingresos corrientes	6.767.616,34	6.905.926,09	6.905.926,09	2,04%	2,04%

Gastos	Año 2018 PSF	Liquidación 2018 (sin ptmos vencidos 2018)	Liquidación 2018 (con ptmos vencidos 2018)	Variación (sin ptmos vencidos 2018)	Variación (con ptmos vencidos 2018)
Gastos corrientes	5.746.006,54	6.242.719,24	6.242.719,24	8,64%	8,64%
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.746.006,54	6.242.719,24	6.242.719,24	8,64%	8,64%
Derivados de modificacións de políticas	0,00	0,00	0,00		

A) Detalle de los gastos corrientes	Año 2018 PSF	Liquidación 2018 (sin ptmos vencidos 2018)	Liquidación 2018 (con ptmos vencidos 2018)	Variación (sin ptmos vencidos 2018)	Variación (con ptmos vencidos 2018)
Capítulo 1. Gastos de personal	2.539.027,41	2.724.309,69	2.724.309,69	7,30%	7,30%

Capítulo 2. Gastos en bienes corrientes y servicios	3.096.092,52	3.298.223,72	3.298.223,72	6,53%	6,53%
Capítulo 4. Transferencias corrientes	110.886,61	220.185,83	220.185,83	98,57%	98,57%
Total de gastos corrientes	5.746.006,54	6.242.719,24	6.242.719,24	8,64%	8,64%

Concepto	Año 2018 PSF	Liquidación 2018 (sin ptmos vencidos 2018)	Liquidación 2018 (con ptmos vencidos 2018)	Variación (sin ptmos vencidos 2018)	Variación (con ptmos vencidos 2018)
Ingresos corrientes	6.767.616,34	6.905.926,09	6.905.926,09	2,04%	2,04%
Gastos cap 1, 2 y 4	5.746.006,54	6.242.719,24	6.242.719,24	8,64%	8,64%
Ata	176.785,44	89.310,67	89.310,67	-49,48%	-49,48%
Ahorro neto	844.824,35	573.896,18	573.896,18	-32,07%	-32,07%

4. CONCLUSIONES

O Concello de Rianxo conseguiu cos datos da liquidación do ano 2018 un aforro neto positivo, aínda que inferior ao previsto no Plan de saneamento financeiro. Non obstante, debido ao seu valor positivo, o obxectivo da última anualidade do PSF está cumprido.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito.

Este informe deberá remitírselle ao Ministerio de Facenda para o seu coñecemento.

Rianxo, mércores 18 de setembro de 2019

A interventora, Patricia Fernández Pérez"

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

6 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 752/2019 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DE EXECUCIÓN E SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS-ARAÑO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **ratificación resolución alcaldía 752/2019 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra de execución e saneamento integral no lugar de foxacos-araño**, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da CI de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Administración, na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar os

expedientes de contratación vinculados ao mesmo e que están suxeitos a prazos na súa xustificación.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente pleno da Proposta de Alcaldía sen ditame previo de CI, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (concelleiros do BNG, PSOE, PP e Rianxo en Común).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbase por unanimidade dos presentes.

Con data 19.08.2019 dítase Resolución da Alcaldía número 752/2019, que a continuación se transcribe
"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: **Aprobación de Proxecto técnico denominado " Proxecto modificado (30.05.2019) para execución de saneamento integral no lugar de Foxacos" redactado por Juan Carlos Bastos González, colexiado nº 4483 con orzamento base de licitación de 197.207,49 €(162.981,40 € +34.226,09 €), expediente 2019/C003/000002.**

I. Antecedentes máis relevantes:

1.-Concesión da Axuda :

- Publicado no BOP número 226 do martes 29 de novembro de 2016, a Deputación provincial da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017
- Solicitada a Deputación Provincial de Coruña a subvención por un importe de 197.207,49€ para o proxecto de Saneamento integral no lugar de Foxacos, no Concello de Rianxo a asignación que corresponde a Deputación de A Coruña ascende a 172.253,95€
- Por acordo plenario do día 20 de febreiro de 2017 aprobouse o proxecto e foi remitido a Deputación da Coruña xunto coa solicitude de subvención .
- Consta requerimento da Deputación da Coruña recibido segundo a plataforma subtel en data de 11.04.2017 onde se indica:
"Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as deficiencias que de seguido se indican:
- No informe Anexo V emitido pola arquitecta indícase que son necesarias as autorizacións de Augas de Galicia e Patrimonio. Sen embargo, no Anexo VI, a secretaria municipal indica que é necesaria a autorización de Patrimonio antes do inicio das obras e non fai referencia a Augas de Galicia. Deberá aclararse esta aparente contradicción.*

- *Unha vez aclarada esta cuestión, deberá presentar as autorizacións necesarias (Patrimonio Cultural e no seu caso, de Augas de Galicia), xunto cun informe técnico de cumprimento das condicións queu estas autorizacións conteñan. Se aínda non teñen as ditas autorizacións, deberá presentar as solicitudes dirixidas aos organismos correspondentes.*

Estas deficiencias deberán ser corrixidas no prazo de 10 días hábiles dende a data de aceptación desta notificación. Para realizar dita enmenda deberá entrar na PLATAFORMA SUBTEL desta deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite en DOCUMENTACIÓN ADICIONAL /ENMENDA.”

2.- Autorizacións obrantes no expediente:

- 22.02.2017 (R.S. 1053 e 1054) respectivamente, solicítase autorización a Augas de Galicia e a Patrimonio.
- O 11 de abril de 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza as obras. Consta a o seu rexistro o 20/04/2017 con núm. 2.429.
- O 20.03.2017 (R.E. nº 1664) Augas de Galicia comunica que o concello deberá solicitar autorización de Vertidos á Área de Vertidos de Augas de Galicia.
- O 17 de xaneiro de 2018 e con núm. 282, rexistrouse a autorización de Augas de Galicia á realización das obras.
- O 21 de decembro de 2018 Augas de Galicia autorizou o vertido de augas residuais solicitada, e rexistrouse de entrada o 18/01/2019 con núm. 270.

Resumo trámites en expediente de contratación:

1. O 29 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou a incoación do expediente de contratación.
2. Mediante resolución de alcaldía nº 106/2019 de 06.02.2019 acórdase a aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado , publicándose o anuncio no perfil do contratante (Plataforma de contratación do sector público en data de 08.02.2019, con rectificacións posteriores.=
3. A Mesa de contratación para a apertura dos sobres realízase en data de 07.03.2019 admitíndose a todos os licitadores presentados.
4. En data de 14.03.2019 celébrase Mesa de contratación para a valoración dos criterios de avaliación automática sinalados no prego, detectándose 6 licitadores en baixa temeraria (CONSTRUMAX DE CONTRATAS S.L.; CONSTRUCCIONES FERMIL SIMAL S.L.; MECANO OBRAS Y REFORMAS S.L.; MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.; TARRÍO Y SUÁREZ S.L.; XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.) e acordando que se lle requira a documentación xustificativa indicada no prego.
5. En data de 27.03.2019 recíbese documentación xustificativa de MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.; en data de 29.03.2019 recíbese documentación xustificativa de TARRIO Y SUÁREZ S.L.;
6. En data de 22 de maio de 2019 recíbese a través de SUBTEL requerimento da Excma Deputación da Coruña para subsanación de documentación:corrección de erros en proxecto técnico redactado por Juan Carlos Bastos González, novos informes, etc.

7. En data de 24.05.2019 dítase Providencia de Alcaldía solicitando informes sobor da necesidade de modificar o proxecto co que se está a levar a cabo a licitación e para que se proceda a presentar un proxecto modificado que atenda ás correccións indicadas pola Excmá Deputación da Coruña.

8. En data de 31.05.2019 (R.E. nº 2617) recíbese proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González e informe xustificativo da necesidade de efectuar a modificación do proxecto co que se estaba licitando o contrato.

9. Considerando que á luz da autorización de Augas de Galicia-vertido de augas residuais resultaba preciso unha modificación do proxecto, dando lugar a que as parcelas afectadas inicialmente pola actuación debían ser modificadas por outras, tal e como se xustificaba polo proxectista redactor do modificado en informe incorporado ao expediente, e tendo en conta que á luz do indicado anteriormente e para poder cumprir coa autorización sectorial de Augas de Galicia se xustificaba a realización do modificado do proxecto que estaba en licitación, alterándose as condicións da actuación inicialmente prevista polo Concello, por todo o exposto, esta Alcaldía, en data de 17.06.2019 mediante resolución nº 575/2019 como órgano de contratación á luz do disposto na Disposición Adicional 2ª, acordaba **desistir do expediente de contratación iniciado para a adxudicación do contrato obra: PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS. (2018/C003/000001), á vista das razóns de interese público sinaladas anteriormente, indicando temén na citada resolución que sendo preciso proceder a iniciar -en canto se dispoña da oportuna documentación- unha nova licitación con arranxo a un novo proxecto que modica ao anterior.**

10. Remitida a oportuna documentación á Deputación da Coruña a través da plataforma SUBTEL, en data de 26.07.2019 (R.E. nº 3635) recíbese un 2º REQUERIMENTO AO CONCELLO SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA TELEMÁTICAMENTE NESTA CONVOCATORIA PARA A TRAMITACIÓN DUN PROXECTO MODIFICADO, indicando que “ O Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación provincial emitiu o 15 de xullo de 2019 un informe de supervisión favorable do proxecto modificado asinado o 31 de maio de 2019 polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, se ben nel indícase o seguinte:

“ deberase achegar un informe da secretaría do concello no que se xustifique que a execución da obra non se atopa ente as obrigas a realizar pola empresa xestora no concello”.

Polo tanto para continuar coa tramitación deste proxecto modificado, este concello deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación polo órgano competente do concello deste proxecto modificado supervisado favorablemente por esta Deputación.
- Un informe da secretaría do Concello no que se xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora do Concello.
- Un novo Anexo VI no que se resolva a contradición entre o informado pola secretaría municipal e a arquitecta relativo a se unha das parcelas necesarias para a execución do investimento estaba xa prevista inicialmente ou non. Tamén deberá aclarar a arquitecta a súa declaración relativa a que “ para a execución do investimento será necesario dispoñer polo menos das seguintes parcelas catastrais ...”, parece que da a entener que ademáis das descritas son necesarias outras non especificadas.”

Así, ao efectos de remitir a documentación antedita, e que se autorice pola Deputación da Coruña a contratación do proxecto modificado, considerando que o proxecto inicial, cuxa contía non varía co

modificado que se pretende aprobar, está previsto nos orzamentos municipais aplicación 160 62300 2017, e atendendo á competencia atribuída a esta Alcaldía pola DA2ª da LCSP atendendo á contía do contrato de obras, coa presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto modificado (30.05.2019) para execución de saneamento integral no lugar de Foxacos” redactado por Juan Carlos Bastos González, colexiado nº 4483 con orzamento base de licitación de 197.207,49 € (162.981,40 € +34.226,09 €).

SEGUNDO: Remitir certificado do presente acordo á Deputación da Coruña a través da plataforma SUBTEL acompañado do informe de secretaría e novo Anexo VI solicitado ao respecto aos oportunos efectos.”

Considerando que as modificacións introducidas non alteran a contía do proxecto inicialmente aprobado polo Pleno do Concello, e considerando así mesmo que as modificacións introducidas son esixidas pola Administración sectorial correspondente (AUGAS DE GALICIA) aos efectos de poder autorizar as citadas obras, e tendo en conta que previa conversación telefónica mantida coa Deputación da Coruña, urxía remitir á Deputación a documentación esixida aos efectos de poder efectuar antes do luns 16.09.2019 un pronunciamento sobor da autorización da tramitación do expediente, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Ratificar a resolución da Alcaldía número 752/2019 nos termos indicados na mesma.

Segundo: Remitir certificado do presente acordo á Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

7 RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 813/2019 DE DATA 12/09/2019: POS+ ADICIONAL 1/2019: 2ª FASE - RENOVACIÓN DA CUBERTO E ENVOLVENTE DO PATRIO CUBERTO DO CEIP BREA SEGADE DE TARAGOÑA.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **ratificar polo pleno municipal a resolución da alcaldía nº 813/2019 de data 12/09/2019: pos+ adicional 1/2019: 2ª fase - renovación da cuberto e envolvente do patrio cuberto do ceip brea segade de taragoña**, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da CI de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Administración, na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar os expedientes de contratación vinculados ao mesmo e que están suxeitos a prazos na súa xustificación.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente pleno da Proposta de Alcaldía sen ditame previo de CI, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (concelleiros do BNG, PSOE, PP e Rianxo en Común).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbase por unanimidade dos presentes.

En data 12 de setembro de 2019 dítase a Resolución da Alcaldía nº 813/2019 que se transcribe a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

POS+ ADICIONAL 1/2019: 2ª FASE -RENOVACIÓN DA CUBERTO E ENVOLVENTE DO PATRIO CUBERTO DO CEIP BREA SEGADE DE TARAGOÑA.

Conforme ás Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Excmá Deputación Provincial da Coruña en sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP no 188, do 2 de outubro de 2018, o Pleno do Concello de Rianxo en sesión de 13 de decembro de 2018 adoptou acordo relativo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos-POS+2019.

No acordo de aprobación do POS+ 2019 adoptado polo ente provincial inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostibles solicitados polos concellos de acordo co previsto na Base 4.3. Estes investimentos aprobáronse con natureza de reserva, condicionados á existencia de financiamento procedente de baixas de licitación ou de maiores achegas da deputación.

En data de 30 de marzo de 2019 recíbese Circular da Deputación da Coruña sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega da Deputación, indicándose na mesma que coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno desta deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, sometida a unha condición que xa foi declarada cumprida. Dita cantidade distribuíuse entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, o que se lle comunicou a ese concello mediante a Circular de data 7 de marzo de 2019.

Non obstante, no posterior EMC 2/2019, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de abril de 2019, consignáronse 9.000.000,00 € máis, o que fai unha maior achega provincial total par o POS+ 2019 de 39.000.000,00€ que tamén se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios do POS+, **o que permitirá elaborar o POS+ ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial logo da entrada en vigor do dito EMC 2/2019.**

A cantidade que definitivamente lle corresponde a ese concello no POS+ ADICIONAL 1/2019 polo reparto da maior achega provincial por importe de 39.000.000,00 € é a seguinte: CONCELLO POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial (€) **Rianxo 400.882,62.**

Así conforme ás instrucións indicadas polo ente provincial na Circular mencionada, **o POS+ Adicional 1/2019 aprobarase en dous fases:**

Na 1ª fase inclúiranse unicamente investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2019, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por ese concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 1/2019 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación é moi

curto, ata o 20 de maio de 2019.

Na 2ª fase incluíranse os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación é mais longo, ata o 13 de setembro de 2019.

“PRIMEIRO

Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, tal e como se indica a continuación:

<i>Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>		
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1</i>	115.138,95		115.138,95
<i>DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1</i>	222.357,39		222.357,39
TOTAL	337.496,34		337.496,34

<i>Maior achega provincial asignada ao concello</i>	400.882,62
<i>Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase</i>	337.496,34
<i>Diferenza pendente para a 2ª Fase</i>	63.386,28

SEGUNDO

Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

Conforme á Circular antedita cómpre facer agora un pronunciamento sobor dos novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019 **nesa 2ª fase.**

Considerando que o prazo concedido ao efecto remata o día 13 de setembro de 2019, non dando tempo á incluír o citado punto na orde do día do vindeiro pleno ordinario, esta Alcaldía, oída advertencia de secretaría respecto á necesidade de incorporar informe técnico previo á aprobación do proxecto de obras, así como da necesidade de incorporar a documentación indicada nas bases (Anexos, informes de dispoñibilidade, autorizacións, etc) non obrantes neste momento, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13 de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, RESOLVE:

1.- “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial

asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO	63.300,00€		63.300,00€
TOTAL	63.300,00€		63.300,00€

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.300,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

9.- Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019 “

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 813/2019, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

8 APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2020

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Vista a comunicación do Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura territorial da Coruña o que pertence a Consellería de Economía, Emprego e Industria, recibido o 17 de xullo de 2019 con rexistro de entrada nº 201990000001443.

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar ao Servizo de Traballo e Economía Social, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2020, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre, como Fiesta Nacional de España

e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: *“serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia”.*

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2020, os seguintes días:

- 16 de xullo de 2020: día do Carme
- 18 de setembro de 2020: Venres de Guadalupe.

SEGUNDO

Comunicar ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura territorial da Coruña, para o seu coñecemento e efectos.

A proposta APRÓBASE con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP e 3 dos membros do grupo PSOE), dúas abstencións (dos 2 membros do grupo Rianxo en Común) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

9 AMPLIACIÓN DOS LÍMITES CUANTITATIVOS PARA A ANUALIDADE 2020 DO CONTRATO DE OBRA VIVENDAS DOS MESTRES, BLOQUE B

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **Ampliación dos límites cuantitativos para a anualidade 2020 do contrato de obra Vivendas dos mestres, bloque B**, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da CI de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Administración, na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar os expedientes de contratación vinculados ao mesmo e que están suxeitos a prazos na súa xustificación.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente pleno da Proposta de Alcaldía sen ditame previo de CI, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (concelleiros do BNG, PSOE, PP e Rianxo en Común).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbase por unanimidade dos presentes.

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Expte.: 2019/X998/000152

O 17/09/2019 a Intervención emitíu o informe-proposta que se transcribe a continuación:

"1. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da*

Lei reguladora das facendas locais

2. ANTECEDENTES

O 02/08/2019 notificóuselle ao concello a concesión da subvención para a Rehabilitación das antigas vivendas dos mestres (bloque B). A distribución da execución da actuación, sengundo a subvención e o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, é a seguinte:

Anualidade	Gasto Previsto	Ingreso Previsto	Achega Municipal
2019	37.020,25 €	23.976,66 €	13.043,59 €
2020	201.820,09 €	130.711,48 €	71.108,61 €
Total	238.840,34 €	154.688,14 €	84.152,20 €

Co orzamento prorrogado vixente en 2019, o límite cuantitativo para 2020 no nivel de vinculación xurídica ao que se imputa o gasto (933.63200) é o seguinte:

Ano	NVX	Límite de compromisos	Límite consumido	Límite dispoñible
2020	93/6	48.921,65	1.744,53	47.177,12

Dado que o límite dispoñible para o exercicio 2020 é de 47.177,12 €, é insuficiente nese ano para que o contrato de obra das vivendas dos mestres cumpla o límite cuantitativo do 70 por cento do crédito inicial da vinculación xurídica.

Hai que ter en conta a dificultade para o cumprimento do prazo de xustificación previsto da anualidade 2019, que está fixada no 30 de novembro. Tendo en conta que aínda non se iniciou a licitación, hai un gran risco de que non sexa posible materialmente xustificar esta anualidade. De ter licitado o contrato suporía a perda da subvención concedida para este exercicio, que debería asumir o concello dos seus recursos propios.

3. INFORME-PROPOSTA

O artigo 84.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece para o suposto de superación dos límites cuantitativos e temporais dos gastos plurianuais, que o Pleno poderá, aos efectos de facilitar o seu cálculo, fixar directamente o importe dos novos límites.

A aprobación do expediente de contratación non se pode levar a cabo con esta distribución de anualidades, mentres non se autorice polo Pleno a superación dos límites cuantitativos nos termos anteriores.

Teño coñecemento de que está previsto solicitar un reaxuste de anualidades, polo que, en previsión de que se conceda, considero prudente ampliar o límite cuantitativo do exercicio 2020 para que lle dea cobertura á totalidade do orzamento base de licitación (238.840,34 €).

En vista do exposto, propono o seguinte acordo:

ÚNICO

Incrementar o límite cuantitativo do nivel de vinculación xurídica 93/6 nos seguintes termos:

Ano	NVX	Límite de compromisos	Límite consumido	Límite dispoñible	Anualidade da obra Vivendas dos mestres	Límite tras aprobar o expediente de contratación
-----	-----	-----------------------	------------------	-------------------	---	--

2020	93/6	240.584,87	1.744,53	238.840,34	238.840,34	0,00
------	------	------------	----------	------------	------------	------

"

Á vista do informe, PROPOÑO AO PLENO O ACORDO:

ÚNICO

Incrementar o límite cuantitativo do nivel de vinculación xurídica 93/6 nos seguintes termos:

Ano	NVX	Límite de compromisos	Límite consumido	Límite dispoñible	Orzamento base de licitación (OBL)	Límite tras aprobar o expediente de contratación polo OBL
2020	93/6	240.584,87	1.744,53	238.840,34	238.840,34	0,00

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10 AMPLIACIÓN DOS LÍMITES CUANTITATIVOS PARA A ANUALIDADE 2020 DO CONTRATO DE OBRA DO PEIM 2019-20, PARA A MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME DA PISTA DE CERQUEIRAS A CAMPELO, TRAMO 1.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **Ampliación dos límites cuantitativos para a anualidade 2020 do contrato de obra do PEIM 2019-20, para a Mellora e mantemento do firme da pista de Cerqueiras a Campelo, tramo 1**, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da CI de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Administración, na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar os expedientes de contratación vinculados ao mesmo e que están suxeitos a prazos na súa xustificación.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente pleno da Proposta de Alcaldía sen ditame previo de CI, aprobándose a citada inclusión co seguinte resultado:

